



Xeración de Crédito 007-X/20 (12/20)
Expte. Cividas: 2020008741
Expte. relacionado: 20190085218
XC – 007X/2020

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 23/05/2020 (ref: JFC/088/2020) e refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concelleira delegada do Servizo de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, mediante Providencia asinada polo Xefe do Servizo Acctal. de Formación Ocupacional, en data 04/03/2020, e rubricada pola Concelleira delegada o 08/03/2020, visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral en data 29/05/2020 (ref: 07-Xbis-20), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 007-X/2020, utilizando a figura das **xeracións de crédito**, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
200.2410.22641	Proxecto europeo EMPRENDE MAKERS.Gtos. diversos	126.956,25 €
200.2410.62601	Proxecto europeo EMPRENDE MAKERS. Gtos.de equipamento	90.000,00 €
TOTAL.....		216.956,25 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
49013	Achega Fondos Europeos Prox. EMPRENDE MAKERS	216.956,25 €
TOTAL.....		216.956,25 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e **ao Servizo de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica** aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior accidental, dou fe.

